



# 1984

## O futuro é agora?



A large, stylized eye dominates the center of the poster. The iris is composed of numerous radiating lines in shades of red and green, creating a futuristic and intense look. The pupil is a solid black circle. The eye is set against a dark background, which is part of a larger circular frame that suggests a clock or a dial.

**Mostra bibliográfica**

**Setembro-Novembro 2024**



## POR QUE 1984?

Estamos máis preto que nunca de *1984*, a fantasía distópica de George Orwell, tan só 40 anos despois?

○ 8 de xuño cumpríronse 75 anos da publicación de *1984*, pola editorial Secker & Warburg, unha das novelas más importantes de George Orwell e considerada unha das obras más influentes do século XX. A súa visión antiutópica do futuro e a creación do concepto do «Gran Irmán» como sistema represor que todo o ve, convertéronse en referentes para entender a sociedade actual. É inevitable, a día de hoxe, facer un paralelismo entre o presente e o libro de Orwell, a causa das innovacións tecnolóxicas existentes.


Todo isto explica que a novela siga de actualidade, ata o punto de que recentemente aumentaron as súas ventas, a consecuencia das revelacións de Edward Snowden (2013) e da proclamación de Donald Trump como presidente dos Estados Unidos (2017).



## O AUTOR E A SÚA OBRA

Eric Arthur Blair (Motihari, Raj Británico, 25 de xuño de 1903-Londres, Reino Unido, 21 de xaneiro de 1950), máis coñecido polo seu pseudónimo **George Orwell**, é un dos más afamados autores do século XX, responsable de grandes alegacións contra o totalitarismo en calquera das súas versións.

Foi cronista, crítico de literatura, novelista e un destacado ensaísta en lingua inglesa, das décadas de 1930 e de 1940. Así mesmo, é coñecido polas súa condena do totalitarismo, presente na súa novela curta alegórica *Rebelión na granxa* (1945) e na súa novela distópica *1984* (1949), esta última escrita nos seus derradeiros anos de vida e publicada pouco antes do seu falecemento, ena que crea o concepto de «Gran Irmán», desde entón aludido pola crítica ás técnicas modernas de vixilancia.



Fillo de Richard Walmesley Blair, funcionario responsable do comercio británico do opio, e de Ida Mabel Limouzin, pertencente a unha familia de comerciantes franceses vindos a menos, a moi curta idade trasladouse a Inglaterra, coa súa nai e as súas irmás.

Aos oito anos, ingresou nun selecto internado de Sussex, onde destacou polas súas boas notas e a súa evidente falta de medios económicos. En 1917 obtivo unha bolsa para entrar no prestixioso colexio privado de Eton, onde permaneceu catro anos.

En 1922, no canto de aceptar unha bolsa para ir á universidade, decidiu seguir a tradición familiar e facerse funcionario colonial. Prestou servizos na Policía Imperial India, destinado en Birmania (1922-1927).

En 1927 regresou a Inglaterra e renunciou á súa praza laboral. Adoptou o pseudónimo de **George Orwell** cando empezou a escribir, porque non quería avergoñar a súa familia. Por entón, nos inicios da súa carreira como escritor, estaba enfermo e loitaba para chegar a fin de mes, sufrindo ao longo de varios anos a pobreza. Durante un tempo, viviu cos vagabundos do leste de Londres, e traballou fregando pratos en París e de xornaleiro nos campos de Kent. Froito desta situación é o seu primeiro libro *Sen branca en París e Londres* (1933),

onde narra as difíciles condicións de vida das xentes sen fogar.

En 1936 foi un dos voluntarios que loitaron no Exército republicano durante a Guerra Civil Española (1936-1939). Chegou a España como correspondente, pero alistouse para combater pola República. Incorporouse á fronte de Aragón, onde ascendeu ao rango de tenente e resultou ferido de gravidade na garganta. Tras enfrentarse a tiros cos comunistas do PSUC, nos sucesos de Barcelona en maio de 1937, abandonou o país para evitar ser fusilado. Resultado desta experiencia foi *Homenaxe a Cataluña* (1938), un dos relatos más conmovedores sobre esta guerra. *O camiño a Wigan Pier* (1937), escrita nesta mesma época, é unha crónica sobre a vida dos mineiros sen traballo no norte de Inglaterra.

Durante a Segunda Guerra Mundial, o escritor dirixiu o servizo da BBC para a India, e a partir de 1943 foi editor literario de *Tribune*, o xornal da esquerda laborista.

O conxunto da súa obra está profundamente marcado polas súas experiencias persoais, vividas ao longo de tres etapas vitais: a súa posición en contra do imperialismo británico, é consecuencia de desempeñar as tarefas de representante das forzas da orde colonial en Birmania durante a súa mocidade; a súa adhesión ao socialismo democrático é resultado de observar e sufrir as condicións de vida dos traballadores de Londres e París; e a súa oposición aos totalitarismos nazi e stalinista é froito da súa participación na Guerra Civil Española, no bando republicano.

A prosa de **Orwell** revela un compromiso cuxo credo é o rexeitamento radical aos totalitarismos. A súa condena da sociedade totalitaria queda tamén plasmada nunha fábula de carácter alegórico, *Rebelión na granxa* (1945), baseada na traizón de Stalin á Revolución Rusa, así como na novela *1984* (1949), na que ofrece unha descripción espantosa da vida baixo a vixilancia constante do «Gran Irmán». A súa postura nunca foi aceptada no seu tempo polos intelectuais de esquerda, que o converteron en branco de críticas ferozes ao subliñar nel a un individualista.

Ao mesmo tempo que aparecía a novela de **George Orwell** coa súa visión apocalíptica tan particular, as nacións do mundo, reunidas no seo dunha nova organización para a paz, redactaban a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*. Deste xeito, no ano 1948 converxían en *1984* e na *Declaración* dúas visións do mundo. Unha, na que se recollían as terribles experiencias recentes da humanidade, para proxectalas cara ao futuro nun cadro aterrador pola súa verosimilitude; e a outra, na que predominaban o optimismo e a acción afirmativa. Na novela íspese o poder e pónense ao descuberto os seus aspectos más

repugnantes; na *Declaración* recóllese a outra vertente da política: o seu sentido ético e o seu deber ser, así como a dignidade humana. **Orwell** comezou a darlle forma á idea do seu manifesto tras pasar o Nadal de 1945 en Gales, na casa de Arthur Koestler; o recordo das atrocidades cometidas na guerra e o horror causado polas bombas atómicas de Hiroshima e Nagasaki, foron o que o impulsaron a levalo a cabo.

Outros dos seus escritos son, a novela *Que voe a aspidistra* (1936), *Disparando ao elefante e outros ensaios* (1950) e *Así foron as alegrias* (1953), neste último recorda os seus difíciles anos de estudiante. En 1968 publicáronse en catro volumes os seus *Ensaios Completos: Xornalismo e Cartas*.

**George Orwell** faleceu en Londres, o 21 de xaneiro de 1950, de tuberculose.


No ano 2008 foi considerado “o mellor cronista da cultura inglesa do século XX”.

## 1984

*1984* de George Orwell é unha novela distópica cuxa trama ten lugar en Oceanía, un país empobrecido dominado por un goberno totalitario que somete por completo os seus cidadáns, aos que mantén en constante vixilancia e insiste en espiar os seus pensamentos para manter a orde.

É unha das obras máis icónicas do século XX pola súa denuncia de prácticas establecidas por gobernos como os de Franco e Stalin.

O mundo futurista antiutópico de *1984* está repartido en tres superpotencias que viven en permanente estado de guerra: Oceanía, Eurasia e Asia Oriental. As necesidades desta guerra obrigan aos Estados a exercer un control absoluto sobre as súas respectivas poboacións. A historia desenvólvese nunha delas, Oceanía, conformada polas rexións anglofalantes e rexida por un Partido único, dividido no Partido Interior, que goberna, e o Partido Exterior, encargado de executar as ordes. O resto dos habitantes corresponden ao proletariado ignorado polo Partido porque considera que non ten a capacidade intelectual



necessaria para organizar unha rebelión.


Así mesmo, o Partido mantén á cidadanía baixo vixilancia perpetua, arrestando e facendo desaparecer a quen demostre algunha desconformidade. Á súa cabeza atópase a figura do Gran Irmán, cuxa cara está omnipresente, en carteis e moedas. Todos os cidadáns están obrigados a amalo e ofrecerlle a súa lealdade incondicional.

O protagonista da novela, Winston Smith, é un membro do Partido Exterior que traballa para o Ministerio da Verdade, reescribindo artigos para que cumpran coa ideoloxía e a imaxe que venden. Perturbado polo seu traballo, Winston comeza a escribir un diario no que expresa a súa frustración e soña dar cunha organización secreta de rebeldes coñecida como a Irmandade.

Un día, Winston coñece a Xulia, unha moza rebelde, pero en Oceanía as relacións e o desexo sexual están prohibidos, mesmo para parellas casadas. A pesar disto, inician unha aventura clandestina.

A parella é arrestada, son torturados no Ministerio do Amor. Ali, realizaselles un lavado de cerebro no que perden a súa individualidade, respecto e desexo sexual. Ao final, Winston aprende a ser leal ao Partido e a amar ao Gran Irmán.

Esta profunda novela de Orwell ilustra a maneira en que un goberno represivo afecta sobre un individuo. Así, todos os aspectos da súa vida vense comprometidos, desde os seus pensamentos, desexos, relacións persoais e familiares, ata a forma en como pode ou non mover o seu corpo. Os efectos da represión sobre os cidadáns son devastadores, pois destrúe o que distingue ao ser humano: a memoria, a cultura e a liberdade. En consecuencia, un



dos aspectos principais da obra é a defensa do pensamento crítico, pois é só a través del que se pode alcanzar a autonomía.

Orwell chamou a *1984* "unha novela sobre o futuro", pero tamén foi unha historia intensamente investigada sobre o pasado recente.

## 1984 VS 2024

*1984* retrata unha sociedade global de control total, na que ás persoas non se lles permite ter pensamentos que, dalgúnha maneira, estean en desacordo co estado corporativo. Non existe liberdade persoal e a tecnoloxía avanzada converteuse na forza impulsora detrás dunha sociedade dominada pola vixilancia. Hai informadores e cámaras por todas partes. A xente está suxeita á Polícia do Pensamento, que se ocupa de calquera que sexa culpable de delitos de pensamento. O goberno, ou «Partido», está encabezado polo Gran Irmán, omnipresente en carteis coas palabras: "O Gran Irmán está a vixiarte".

Corenta anos despois da época en que George Orwell imaxinou a bota do Gran Irmán, a nosa era actual é de vixilancia ubicua, non hai vidas privadas. Todo é cada vez máis público.

O que estamos a presenciar, no chamado nome da seguridade e a eficiencia, é a creación dun novo sistema de clases composto polos vixiados (cidadáns medios) e os vixiantes (burócratas gobernamentais, técnicos e corporacións privadas). Agora atopámmonos na posición nada envexable de ser monitoreados, administrados e controlados pola nosa tecnoloxía, que non responde ante nós senón ante o noso goberno e gobernantes corporativos. Os feitos son más estraños que a ficción.

Desta maneira, *1984*, que describiu o ominoso ascenso da tecnoloxía ubicua e o totalitarismo, converteuse nun manual de operacións para o omnipresente



Estado de vixilancia moderno.



Hai aproximadamente mil millóns de cámaras de vixilancia en todo o mundo e ese número continúa en aumento, grazas á súa adopción incondicional por parte dos gobernos (especialmente as axencias policiais e militares), as empresas e os consumidores individuais. Cámaras de vixilancia montadas en postes de servizos públicos, semáforos, negocios e fogares: timbres, dispositivos GPS, cámaras de taboleiro, drons, cámaras de seguridade, xeocercas e xeoseguimentos, FitBits, Alexa, dispositivos conectados a Internet, dispositivos Stingray, tecnoloxía de recoñecemento facial, cámaras corporais, lectores automatizados de matrículas, análises de vídeo mellorado con IA...

Con cada novo dispositivo de vixilancia ao que damos a benvida ás nosas vidas, cedemos un pouco na perda de privacidade no noso mundo persoal. A medida que o custo destas tecnoloxías se volve más asumible para o consumidor medio, grandes cidades, pequenas vilas e comunidades urbanas, suburbanas e rurais por igual, están a sumarse á rede interconectada do estado de vixilancia.

O que isto significa para as axencias gobernamentais (é dicir, axentes do FBI, a NSA, o DHS..., así como a policía local) é un mapa de vixilancia que lles permite rastrexar os movementos de alguén no tempo e o espazo, saltando das transmisións das cámaras do timbre e desde cámaras de seguridade empresariais ata cámaras públicas en postes de servizos públicos, lectores de matrículas, cámaras de tráfico...



Durante os últimos 50 anos, a vixilancia provocou unha serie de cambios profundos na forma en que os gobernos gobernan e as poboacións son vixiadas, en detrimento de todos nós. O experto en ciberseguridade Adam Scott Wandt identificou tres desas revolucións:

- a primeira revolución da vixilancia produciuse como resultado da instalación de cámaras de vídeo gobernamentais en áreas públicas. Informouse que en 2022 había 51 millóns de cámaras de vixilancia, só nos Estados Unidos.
- a segunda revolución tivo lugar cando os organismos encargados de facer cumprir a lei comezaron a forxar asociacións público-privadas con establecementos comerciais, como bancos, farmacias e estacionamentos, para obter acceso ás súas transmisións de vixilancia en vivo. O uso de lectores automáticos de matrículas, que algunha vez foron empregados exclusivamente pola policía, e agora estanse estendendo a asociacións de propietarios e comunidades pechadas, expande o alcance da vixilancia estatal.
- iniciouse a terceira revolución coa crecente popularidade das cámaras de timbre, como Ring, o timbre de videovixilancia de Amazon, e Nest Cam, de Google.
- o cuarto cambio revolucionario ben pode ser o uso de software de recoñecemento facial e programas impulsados por intelixencia artificial que poidan rastrexar ás persoas mediante a súa biometría, vestimenta, comportamento e automóbil, sintetizando así os moitos fíos de vídeo de vixilancia nunha narrativa cohesiva, que os defensores da privacidade denominan «vixilancia de 360 graos».

Aínda que a garantía de seguridade que ofrecen estes centros neurálgicos de vixilancia segue sendo dubidosa, no mellor dos casos, non se pode ocultar a súa

contribución a un cambio radical cara ao autoritarismo. Ninguén o sabe, pero é bastante probable que o estado de vixilancia asexé de preto a calquera que sexa visto como unha ameaza ao control do poder por parte dos gobernos.

Despois de todo, como afirma John W. Whitehead en *Battlefield America: The War on the American People*, o **Estado de Vixilancia nunca dorme**.

## OBRAS DE ORWELL

A maior parte das seis novelas de Orwell son semiautobiográficas, e os seus tres escritos de non ficción relatan as súas experiencias e vivencias persoais.



- *Sen branca en París e Londres* (Down and Out in Paris and London - 9 de xaneiro de 1933, Victor Gollancz Ltd) – non ficción.
- *Os días de Birmania* (Burmese Days - outubro de 1934, Harper & Brothers) – ficción (GAL/10669).
- *A filla do clérigo* (A Clergyman's Daughter - 11 de marzo de 1935, Victor Gollancz Ltd) – ficción (3B/1233).
- *Que non morra a aspidistra* (Keep the Aspidistra Flying - 20 de abril de 1936, Victor Gollancz Ltd) – ficción.
- *O camiño a Wigan Pier* (The Road to Wigan Pier - febreiro de 1937 para a edición do Left Book Club e 8 de marzo de 1937 para a edición de Victor Gollancz Ltd para o público en xeral) – non ficción (3A/5884).

- *Homenaxe a Cataluña* (Homage to Catalonia - 25 de abril de 1938, Secker and Warburg) - non ficción (3M/27056).
- *Subir a por aire* (Coming Up for Air - 12 de xuño de 1939, Victor Gollancz Ltd) - ficción (35/2653).
- *Rebelión na granxa* (Animal Farm - 17 de agosto de 1945, Secker and Warburg) - ficción (3A/4137 - 3B/220).
- *1984* (Nineteen Eighty-Four - 8 de xuño de 1949, Secker and Warburg) - ficción (3T/179 - 3X/1052 - N ORW mil / a).

## PREMIO ORWELL

O Premio Orwell é un premio británico de escritura política e ten a súa sede no University College London. Foi fundado en 1993 polo teórico político británico Sir Bernard Crick, empregando diñeiro das regalías da edición en tapa dura da súa biografía de George Orwell. O galardón é outorgado pola Fundación Orwell, unha organización benéfica independente.

Concédense catro premios no ano:

- Libro de ficción, creado en 2019.
- Non ficción sobre política.
- Xornalismo.
- "Expoñendo os males sociais de Gran Bretaña", creado en 2015 e patrocinado e apoiado pola Fundación Joseph Rowntree.

Os xuíces son nomeados anual e separadamente para cada premio. En cada caso, é proclamado gañador o texto que se achega máis á ambición do propio George Orwell de **"converter a escritura política nunha arte"**.

A estes galardóns súmase o Premio Orwell Xuvenil, creado en 2014 co propósito de "apoiar e inspirar a unha nova xeración de escritores novos comprometidos politicamente".

Os patrocinadores actuais son Richard Blair, fillo de Orwell, The Political Quarterly, a Fundación Joseph Rowntree e os axentes literarios de Orwell.



## FONTES

- <https://www.lecturalia.com/autor/238/george-orwell>
- <https://www.buscabiografias.com/biografia/verDetalle/7554/George%20Orwell>
- [https://es.wikipedia.org/wiki/George\\_Orwell](https://es.wikipedia.org/wiki/George_Orwell)
- <https://www.cndh.org.mx/noticia/muere-george-orwell-escritor-que-luchó-por-la-dignificación-política-y-la-denuncia-del>
- <https://www.bbc.com/mundo/noticias-52363036>
- <https://blogs.uoc.edu/humanitats/es/frases-george-orwell-1984-vigilancia-control-social-covid19/>
- [https://es.wikibrief.org/wiki/Orwell\\_Prize](https://es.wikibrief.org/wiki/Orwell_Prize)

## SELECCIÓN BIBLIOGRÁFICA

### VITRINA 1. GEORGE ORWELL

#### BIOGRAFIAS

**Leys, Simon**

George Orwell o El horror a la política / Simon Leys ; traducción de Marisa Pérez Colin ; traducción del texto de Jean-Claude Michéa de Isabelle Marc Martínez. -- Madrid : Acuarela Libros : A. Machado Libros, 2010

130 p. : il. n. ; 20 cm

Contén: Rebelión y conservadurismo : las elecciones de 1984 / Jean-Claude Michéa

**3Z/1241****Meyers, Jeffrey**

Orwell : la conciencia de una generación / Jeffrey Meyers. -- Barcelona : Ediciones B, 2002

443 p., [8] h. de fot. ; 26 cm. -- (Biografía e historia)

**3N/1482****Solnit, Rebecca (1961-)**

Las rosas de Orwell / Rebecca Solnit ; traducción del inglés de Antonia Martín. -- Barcelona : Lumen, 2022

348 p. ; 23 cm

**3M/4132**

#### PENSAMIENTO POLÍTICO

**Ricks, Thomas E.**

Churchill y Orwell : la lucha por la libertad / Thomas E. Ricks ; traducción de Antonio Lozano. -- Barcelona : Península, 2018

431 p., [8h. de lám bl. y n.] ; 24 cm (Huellas)

**3K/245**

## CRÍTICA E INTERPRETACIÓN

### Hitchens, Christopher

Por qué es importante Orwell / Christopher Hitchens ; traducción de Luis González Castro. -- Barcelona : Página Indómita, 2016  
249 p. ; 21 cm. -- (Página Indómita ; 10)

**3M/8435**

### Larkin, Emma

Historias secretas de Birmania : a la sombra de George Orwell / Emma Larkin ; traducción de Mireia Terés Loriente. -- Badalona (Barcelona) : Altaïr, D.I. 2008  
260 p. ; 22 cm. -- (Heterodoxos ; 3)

**3M/26715**

ORWELL, 1984 : reflexiones desde 1984. -- Madrid : Espasa Calpe, 1984  
318 p. [5] h. ; 18 cm. -- (Selecciones Austral ; 131)

**2B/135**

## PREMIO ORWELL

### Keefe, Patrick Radden

No digas nada : una historia real de crimen y memoria en Irlanda del Norte / Patrick Radden Keefe ; traducción de Ariel Font Prades. -- [Barcelona] : Reservoir Books, 2021  
541 p. : il. ; 23 cm  
Premios: Mejor Libro del Año 2019 ; National Book Critics Circle Award ; Premio Orwell

**3M/3704**

### Smith, Ali

[Summer. Español]

Verano / Ali Smith ; traducción de Magdalena Palmer. -- Madrid : Nómada Libros, 2021  
330 p. ; 22 cm  
Premios: Premio Orwell de Ficción 2021

**3A/4685**



## VITRINA 2. OBRAS DE ORWELL

### FICCIÓN

#### **Orwell, George**

Los días de Birmania / George Orwell ; [traducción, Manuel Piñón García]. -- La Coruña : Ediciones del Viento, D.L. 2003  
322 p.

**GAL/10669**

#### **Orwell, George**

[Animal farm. Gallego]

A Granxa dos animais / George Orwell ; traducción, Fernando Moreiras. -- Pontevedra : Kalandraka, D.L. 2010  
110 p. ; 21 cm. -- (Narrativa K ; 13)

**GAL/16312**

#### **Orwell, George**

La hija del clérigo / George Orwell ; traducción de Miguel Temprano García. -- Barcelona : Lumen, 2011  
361 p.

**3B/1233**

#### **Orwell, George**

Rebelión en la granja / según la obra de George Orwell ; adaptación, textos y dibujos, Jean Giraud, Marc Bati. -- Barcelona : Destino, 1984  
44 p. : cómic

**C ORW reb / v**

#### **Orwell, George**

Subir a por aire / George Orwell. -- Barcelona : Destino, 2006  
262 p. ; 23 cm. -- (Áncora y delfín ; 395)

**35/2653**



REBELIÓN en la granja [DVD] = animal farm / a film by John Halas and Joy Batchelor. -- Ed. colecciónista. -- Pozuelo de Alarcón : Crest films, D.L. 2006  
2 discos (DVD) (ca. 72 min.) : son., col  
Basada en la novela de George Orwell

**PS/4949**

## **NON FICCIÓN**

### **Orwell, George**

A mi manera / George Orwell. -- Barcelona : Destino, 1976  
438 p.

**3A/2218**

### **Orwell, George**

El camino a Wigan Pier / George Orwell ; traducción y notas María José Martín Pinto ; introducción Lola Artacho Martín. -- Madrid : Akal, 2022  
270 p.

**3A/5884**

### **Orwell, George**

Cataluña 1937 : testimonio sobre la revolución española / George Orwell. -- Buenos Aires : Proyección, 1963 imp.  
247 p.

**3F/1040**

### **Orwell, George**

Cazando un elefante / George Orwell ; versión castellana de Myriam E. Friedenthal. -- Buenos Aires : Guillermo Kraft, 1955  
200 p.

**3B/218**



**Orwell, George**

Down and out in Paris and London / George Orwell. -- Harmondsworth, Middlesex : Penguin : Secker & Warburg, 1971  
189 p. ; 18 cm. -- (Penguin Modern Classics)

**EL/784**

**Orwell, George**

En el vientre de la ballena / George Orwell ; traducción de Roberto Ramos Fontecoba. -- Barcelona : Página Indómita, 2022  
103 p.

**3M/6191**

**Orwell, George**

Ensayos críticos / George Orwell ; traducción de B.R. Hopenhaym. -- Buenos Aires : Sur, 1948  
230 p.

**3L/435**

**Orwell, George**

Escritor en guerra : correspondencia y diarios, 1937-1943 / George Orwell ; presentación de Peter Davison ; prólogo de Miquel Berga ; traducción de Miguel Temprano García. -- Barcelona : Debate, 2014  
461 p.

**3B/319**

**Orwell, George**

Homenaje a Cataluña / George Orwell ; prólogo de Miquel Berga ; traducción de Miguel Temprano García. -- Barcelona : Debate, 2011  
274 p., [16] h. de lám. ; 24 cm

**3M/27056**

**Orwell, George**

Mi guerra civil española / George Orwell ; traducción de Rafael Vázquez Zamora y Josep C. Verges. -- 2<sup>a</sup> ed. -- Barcelona : Destino, 1982  
174 p.

**3B/219**



### **Orwell, George**

[Ensayos. Español. Selección]

El poder y la palabra : 10 ensayos sobre lenguaje, política y verdad / George Orwell ; selección y prólogo de Miquel Berga. -- Barcelona : Debate, 2024  
186 p. ; 20 cm (Ensayo y pensamiento)

**3M/8773**

## **VITRINA 3. XÉNESE DA NOVELA INFLUENCIAS**

### **Huxley, Aldous**

[Brave new world. Español.]

Un mundo feliz / Aldous Huxley ; traducción de Ramón Hernández. -- 10<sup>a</sup> ed. -- [Barcelona] : Debolsillo, 2013  
254 p. ; 19 cm. -- (Debolsillo. Contemporánea)

**35/9045**

### **Zamiatin, Yevgueni**

Nosotros / Yevgueni Zamiatin ; traducción del ruso de Marta Rebón ; notas a esta edición de Ferran Mateo. -- Barcelona : Salamandra, 2023  
285 p. ; 22 cm (Narrativa)

**3A/6337**

## **GUERRA CIVIL ESPAÑOLA**

### **García Márquez, José María**

Violencia roja y azul : España, 1936-1950 / Francisco Espinosa, ed. ; José María García Márquez, Pablo Gil Vico, José Luis Ledesma. -- Barcelona : Crítica, 2010  
485 p. ; 24 cm. -- (Crítica contrastes)

**3M/28880**

### **Renn, Ludwig**

La Guerra Civil española : crónica de un escritor de las Brigadas Internacionales / Ludwig Renn ; prólogo de Fernando Castillo ; traducción de Natalia Pérez-Galdós ; revisión y apéndice de Ramón Montero Fernández. -- Madrid : Fórcola, 2016  
721 p. ; 22 cm. -- (Siglo XX ; 8)

**3F/48**

**Sagarra, Pablo**

Grandes batallas de la Guerra Civil española, 1936-1939 : los combates que marcaron el desarrollo del conflicto / Pablo Sagarra Renedo, Óscar González López y Lucas Molina Franco ; [ prólogo, Ricardo Martín de la Guardia]. -- Madrid : La Esfera de los Libros, 2016  
445 p., [64] h. de lám. : mapas ; 25 cm

**3M/3239****Sánchez Asiain, José Angel**

La financiación de la guerra civil española : una aproximación histórica / José Angel Sánchez Asiaín. -- Barcelona : Crítica, 2012  
1309 p. ; 24 cm. -- (Crítica contrastes)

**3M/30934**

MÉTODOS de propaganda activa en la Guerra Civil española : literatura, arte, música, prensa y educación / Emilio Peral Vega, Francisco Sáez Raposo (editores). -- Madrid ; Frankfurt am Main : Iberoamericana : Vervuert, D.L. 2015  
478 p. ; 22 cm

**3E/509**

EL OCASO de la verdad : propaganda y prensa exterior en la España franquista (1936-1945) / coordinador, Antonio César Moreno Cantano. -- Gijón (Asturias) : Trea, D.L. 2011  
286 p. ; 24 cm. -- (Estudios históricos La Olmeda. Piedras angulares)

**3M/10232**

VIXIADOS : represión, investigación e vixilancia na Galiza da guerra civil (1936-1939) / Emilio Grandio (ed.). -- Bertamiráns, Ames (A Coruña) : Laioveneto, 2011  
271 p. : il. ; 21 cm. -- (Ensaio (Laioveneto))

**GAL/16097**

**TOTALITARISMOS: HITLER E STALIN****Buber-Neumann, Margarete**

[Als Gefangene bei Stalin und Hitler. Español]

Prisionera de Stalin y Hitler : un mundo en la oscuridad / Margarete Buber-Neumann ; traducción de Luis García Reyes y Mª José Viejo ; prólogo de Antonio Muñoz Molina. -- Barcelona : Círculo de Lectores, 2005  
509 p. ; 22 cm. -- (La Memoria del siglo)

**3M/22062****Losurdo, Domenico**

Stalin : historia y crítica de una leyenda negra / Doménico Losurdo ; traducción de Antonio Antón Fernández. -- [Barcelona] : El viejo topo, D.L. 2011

399 p. ; 24 cm

Contén: un ensayo de Luciano Canfora

**3Z/1349****Paniagua, Javier**

Breve historia del socialismo y del comunismo / Javier Paniagua. -- Madrid : Nowtilus, 2010

270 p. : il. ; 19 cm. -- (Breve historia)

**3M/28378****Priestland, David**

Bandera roja : historia política y cultural del comunismo / David Priestland ; traducción castellana de Juanmari Madariaga. -- Barcelona : Crítica, 2010

667 p., [8] h. de fot. ; 24 cm. -- (Memoria Crítica)

**3M/28542****Rees, Laurence**

Hitler y Stalin : dos dictadores y la segunda guerra mundial / Laurence Rees ; traducción castellana de Gonzalo García. -- Barcelona : Crítica, 2022

612 p., [24] p. de fot. : il. ; 24 cm

**3M/3788**



**Santoro, Cesare**

La Alemania de Hitler vista por un extranjero / Cesare Santoro. -- Berlín : Internationaler Verlag, 1939  
524 p., 104 p. ; 24 cm. -- (Los Grandes problemas internacionales)

**FE/755**

**Shentalinski, Vitali**

La palabra arrestada / traducción de Ricard Altés Molina, Jorge Ferrer y Marta Rebón ; edición al cuidado de Jorge Ferrer. -- Barcelona : Galaxia Gutenberg, 2018  
555 p. : [32] p. de doc. y fot. ; 22 cm

**3M/3420**

**Solar Cubillas, David**

Hitler y Alemania : el horror nazi (1933-1945) / David Solar Cubillas. -- Madrid : Grupo Anaya, D.L. 2011  
128 p. : il. ; 20 cm. -- (Biblioteca básica. Historia)

**3Z/1394**

**VITRINA 4. 1984**

**EDICIONES**

**Orwell, George**

1984 / George Orwell ; traducción de Rafael Vázquez Zamora ; introducción de Fernando Galván. -- Barcelona : Destino, 2010  
368 p. ; 19 cm. -- (Austral. Contemporánea. Narrativa ; 595)

**3T/179**

**Orwell, George**

1984 / George Orwell ; [traducción, Rafael Vázquez Zamora]. -- 21<sup>a</sup> ed. -- Barcelona : Destino, 1999  
304 p. ; 18 cm. -- (Destinolibro ; 54)

**N ORW mil / a**



### **Orwell, George**

Mil novecientos ochenta y cuatro / George Orwell ; traducción de Olivia de Miguel ; ilustraciones de Antonio Saura. -- Barcelona : Galaxia Gutenberg : Círculo de Lectores, D.L. 1998  
301 p. : il. ; 27 cm

**3F/231**

### **ADAPTACIONES**

#### **Coste, Xavier**

1984 / adaptación de Xavier Coste a partir de la novela de George Orwell. -- Barcelona : Norma, 2022  
235 p.

**3X/1052**

1984 [DVD] / dirigida por Michael Anderson. -- Barcelona : Absolute Distribution, D.L. 2008  
1 disco (DVD) (ca. 198 min.) : son., bl. y n. + 1 folleto (11 p.)  
Contén: a versión televisiva de 1954 de 108 min. dirixida por Nigel Kneale.

**PS/4663**

### **REPERCUSIÓN**

#### **Burgess, Anthony**

La naranja mecánica / Anthony Burgess. -- 3<sup>a</sup> ed. -- Barcelona : Minotauro, 1998  
XII, 200 p. ; 20 cm

**3M/12575**

#### **Hitchens, Christopher**

La victoria de Orwell / Christopher Hitchens ; traducción de Eduardo Hojman. -- Barcelona : Emecé, 2003  
213 p. ; 22 cm. -- (Emecé. Cornucopia)

**3K/1295**



### Rosúa Delgado, Mercedes

El archipiélago Orwell / Mercedes Rosúa. -- Madrid : Grupo Unisón Producciones, D.L. 2001  
488 p. ; 21 cm. - (Ensayo)

3P/1322

PINK Floyd, The Wall [DVD] / directed by Alan Parker. -- [S.I.] : Tin Blue : Sony Music Entertainment, cop. 1999  
1 disco (DVD) (ca. 95 min.) : son., col. + 1 h. pleg.

791 PIN (morado)

### VITRINA SALA CAM. 1984, O FUTURO É AGORA?

### CÉSAR ANTONIO MOLINA E 1984

#### Molina, César Antonio

¡Qué bello será vivir sin cultura! : la cultura como antídoto frente a los peligros de la idiotización / César Antonio Molina. -- Barcelona : Destino, 2021  
427 p. ; 23 cm

GAL/17801

#### Molina, César Antonio (1952-)

¿Qué hacemos con los humanos? : por qué los robots, la inteligencia artificial y los algoritmos representan una amenaza para la supervivencia del ser humano / César Antonio Molina. -- Barcelona : Deusto, 2023  
381 p. ; 23 cm

SM 004.8 MOL que

### OBRAS DE ORWELL

#### Orwell, George

[Essays. Español]

Ensayos / George Orwell ; prólogo de Irene Lozano. -- [Barcelona] : Debate, 2013  
975 p. ; 24 cm

S 820-4 ORW ens

**Orwell, George**

El león y el unicornio y otros ensayos / George Orwell ; traducción y prólogo de Miguel Martínez-Lage. -- Madrid : Turner, [2006]  
274 p. ; 22 cm. -- (Noema ; 40)

**D12100****XÉNESE DA NOVELA****Berthon, Simon**

Amos de la guerra : el corazón del conflicto, 1939-1945 / Simon Berthon y Joanna Potts ; traducción de Víctor Aldea. -- Barcelona : Destino, 2007  
487 p. ; 23 cm. -- (Imago mundi ; 109)

**D188****Rees, Laurence**

El oscuro carisma de Hitler : cómo y por qué arrastró a millones al abismo / Laurence Rees ; traducción castellana de Gonzalo García. -- Barcelona : Crítica, 2013  
327 p., [16] p. de lám. ; 24 cm. -- (Memoria Crítica)

**D12486****Shneiderman, Samuel**

Guerra en España : reportajes desde la retaguardia / Samuel L. Shneiderman ; traducción del yudish de Rhoda Henelde y Jacob Abecasis. -- [Madrid] : Báltica, 2023  
206 p. ; 21 cm

**S 892.4-92 SHN gue****Todorov, Tzvetan**

La experiencia totalitaria / Tzvetan Todorov ; traducción de Noemí Sobregués. -- Barcelona : Círculo de Lectores, 2010  
314 p. ; 21 cm

**D6896**



## 1984

**Orwell, George**

[Nineteen eighty-four. Español]

1984 / George Orwell ; comentado por Fernando Galván ; [traducción, Rafael Vázquez Zamora]. -- 6<sup>a</sup> reimp. en este formato. -- Barcelona : Destino, 2005  
304 p. ; 18 cm. -- (Clásicos contemporáneos comentados ; 17)

**D13076**

**Orwell, George**

[Nineteen eighty-four. Español]

1984 / George Orwell ; prólogo de Umberto Eco ; epílogo de Thomas Pynchon ; traducción de Miguel Temprano García. -- Barcelona : Penguin Random House, 2014  
402 p. ; 23 cm. -- (Narrativa (Lumen))

**D13068**

**Orwell, George**

1984 / George Orwell ; epílogo de Thomas Pynchon ; traducción de Miguel Temprano García. -- Barcelona : Debolsillo, 2013  
349 p. ; 19 cm (Contemporánea)

**D13073**

**Lynskey, Dorian**

El ministerio de la verdad : una biografía del "1984" de George Orwell / Dorian Lynskey ; traducción de Gema Facial Lozano. -- Madrid : Capitán Swing Libros, D.L. 2022  
407 p. ; 22 cm

**D15888**

## GRAN IRMÁN

**Serge, Víctor**

[L'Affaire Toulaév. Español]

El caso Tulayev / Víctor Serge ; introducción de Susan Sontag. -- Madrid : Capitán Swing, 2013  
380 p. ; 21 cm

**S 840-31 SER aff**

## VITRINA 6. GRAN IRMÁN ESPIONAXE

### Alem, Jean-Pierre

El espionaje y el contraespionaje / Jean-Pierre Alem. -- México : Fondo de Cultura Económica, 1983  
142 p. ; 18 cm

35/106

### Díaz Fernández, Antonio M.

Los servicios de inteligencia españoles : desde la guerra civil hasta el 11-M : historia de una transición / Antonio M. Díaz Fernández. -- Madrid : Alianza, D.L. 2005  
566 p. ; 24 cm

3M/21622

### Sánchez-Pacheco, Felicidad

La historia del espionaje / Felicidad Sánchez-Pacheco. -- Alcobendas (Madrid) : Libsa, cop. 2009  
192 p. : il. ; 27 cm

3M/27829

## MANIPULACIÓN

### Chomsky, Noam

Ilusiones necesarias : control del pensamiento en las sociedades democráticas / Noam Chomsky ; traducción de Loreto Bravo de Urquía y Juan José Saavedra Esteban. -- Madrid : Libertarias Prodhufi, 1992  
448 p. ; 20 cm (Ensayo ; 51)

3M/10462

### García Fernández, Juan Vicente

Teorías y técnicas de manipulación humana / Juan Vicente García Fernández, Juan García Crego. -- Madrid : Fragua, 2012  
285 p. ; 21 cm. -- (Fraguacomunicación ; 116)

3M/31612



### **Holiday, Ryan**

Confía en mí, estoy mintiendo : confesiones de un manipulador de los medios / Ryan Holiday ; [traducción, Isabel Merino Sánchez]. -- Barcelona : Empresa activa, 2013  
319 p. ; 22 cm. -- (Gestión del conocimiento)

**3Q/1288**

### **Koyré, Alexandre**

La función política de la mentira moderna / Alexandre Koyré ; prólogo y traducción de Fernando Sánchez Pintado. -- [Madrid] : Pasos Perdidos, [2015]  
79 p. ; 18 cm

**3K/744**

### **Peirano, Marta**

O inimigo coñece o sistema : manipulación de ideas, de persoas e de influencias despois da economía da atención / Marta Peirano ; traducido por Antía Veres Gesto. -- Pontevedra : Factoría K de Libros, 2019  
339 p. ; 21 cm

**GAL I 68**

## **VIXILANCIA**

### **Barrera, Silvia**

Nuestros hijos en la red : 50 cosas que debemos saber para una buena prevención digital / Silvia Barrera. -- 3<sup>a</sup> ed. -- Barcelona : Plataforma, 2020  
301 p. ; 22 cm

**3M/2633**

### **Branev, Vesko**

El hombre vigilado : recuerdos a partir de expedientes de la policía secreta / Vesko Branev ; introducción de Tzvetan Todorov ; traducción del francés de Noemí Sobrequés. -- Barcelona : Círculo de Lectores : Galaxia Gutenberg, D.L. 2009  
418 p. ; 21 cm

**3Z/1181**



**Foessel, Michael**

La privación de lo íntimo : las representaciones políticas de los sentimientos / Michaël Foessel ; traducción de Jordi Ferré. -- Barcelona : Península, [2010]  
173 p. ; 21 cm. -- (Atalaya ; 378)

**3M/28436**

**Snowden, Edward**

Vigilancia permanente / Edward Snowden ; traducción de Esther Cruz Santaella. -- Barcelona : Planeta, 2019  
445 p. ; 24 cm

**3M/1038**

**Zuboff, Shoshana**

La era del capitalismo de la vigilancia : la lucha por un futuro humano frente a las nuevas fronteras del poder / Shoshana Zuboff ; traducción de Albino Santos. -- Barcelona : Paidós, 2020  
910 p. ; 24 cm

**3K/823**

CITIZENFOUR [DVD] / dirigida por Laura Poitras. -- Madrid : Avalón Distribución Audiovisual, D.L. 2015  
1 disco (DVD) (ca. 115 min.) : son., col.

**791 CIT (doc.)**

**VITRINA 7. GRAN IRMÁN (II)**

**FICCIÓN**

**Bradbury, Ray**

Fahrenheit 451 / Ray Bradbury ; traducción de Alfredo Crespo. -- Barcelona : Plaza & Janés, D.L. 1998  
174 p. ; 18 cm. -- (Ave Fénix ; 182)

**N BRA fah / a**



**Colombo, Furio**

Privacidad / Furio Colombo ; traducción del italiano por Guadalupe Ramírez. -- Barcelona : Seix Barral, 2002  
219 p. ; 23 cm. -- (Biblioteca Formentor)

**3T/593**

**Dick, Philip K.**

Blade Runner : ¿sueñan los androides con ovejas eléctricas? / Philip K. Dick ; traducción de César Terrón. -- Barcelona : Edhasa, D.L. 2003  
262 p. ; 18 cm

**35/1390**

**Loriga, Ray**

Rendición / Ray Loriga. -- Barcelona : Alfaguara, 2017  
210 p. ; 24 cm. -- (Narrativa hispánica (Alfaguara))  
Premios: Premio Alfaguara de novela

**3A/2126**

**Santos, Víctor**

Fahrenheit 451 : basado en la novela de Ray Bradbury / Víctor Santos. -- Barcelona : Planeta Cómic, 2023  
160 p. : principalmente il. col. ; 26 cm

**3X/1088**

BLADE Runner [DVD] : montaje final / dirigida por Ridley Scott. -- [S.I.] : Warner Bros. Entertainment España, cop. 2008  
1 disco (DVD) (ca. 117 min.) : son., col.

**791 BLA (rosa)**

FAHRENHEIT 451 [DVD] / [dirigida por François Truffaut]. -- Madrid : Universal Pictures Iberia, D.L. 2003  
1 disco (DVD) (ca. 107 min.) : son., col.

**791 FAH (rosa)**



NUEVO orden [DVD] / escrita y dirigida por Michel Franco. -- Barcelona : A Contracorriente films, D.L. 2021  
1 disco (DVD) (ca. 82 min.) : son., col.

**791 NUE (azul)**

El SHOW de Truman (una vida en directo) [DVD] = The Truman show / a Peter Weir Film. -- Madrid : Paramount Home Entertainment Spain, [2011]  
1 disco (DVD) (ca. 99 min.) : son., col.

**791 SHO (azul)**

SNOWDEN [DVD] / dirigida por Oliver Stone. -- Madrid : Vértigo Films, 2016  
1 disco (DVD) (143 min.) : son., col.

**791 SNO (verde)**